

Project number  
143351-LLP-1-2008-1-  
ES-KA2-KA2MP -  
Volangteer



## Guía Metodológica Resumo





O presente proxecto foi financiado co apoio da Comisión Europea. Esta publicación é responsabilidade exclusiva dos/as seus/súas autores/as.  
A Comisión non é responsable do uso que poida facerse da información aquí contida

## GUÍA METODOLÓGICA: RESUMO

### CONTIDO

<b>1. PRESENTACIÓN DO PROXECTO VOLANGTEER</b>	<b>4</b>
<b>2. ORGANIZACIÓN</b>	<b>6</b>
<b>3. A FORMACIÓN DAS PERSOAS VOLUNTARIAS</b>	<b>8</b>
<b>1. Por qué destacar a interculturalidade?</b>	
<b>2. Os obxectivos lingüísticos</b>	
<b>3. O acercamento pedagóxico</b>	
<b>4. A FORMACIÓN DAS PERSONAS BENEFICIARIAS</b>	<b>16</b>

### 1. PRESENTACIÓN DO PROXECTO VOLANGTEER

**VOLANGTEER** é un proxecto Leonardo europeo que ten como obxectivos principais identificar as boas prácticas e elaborar unha nova metodoloxía que permita a aprendizaxe das linguas rexionais grazas a introdución de persoas voluntarias no dispositivo de formación.

Os obxectivos específicos son os seguintes:

- Contribuír ao desenvolvemento e promoción das linguas rexionais.
- Axudar ao estudo das linguas rexionais.
- Axudar ás persoas recentemente chegadas ás rexións de Europa onde se utilizan linguas locais.
- Crear nexos de unión entre os habitantes dunha rexión e os recentemente chegados.
- Mellorar o diálogo intercultural.

O Proxecto **Volangteer** debería permitir o desenvolvemento dun sistema de aprendizaxe básico da lingua rexional, así como o acercamento á cultura local, grazas ao emprego de persoas acompañantes: cada persoa estranxeira é posta en contacto cunha persoa voluntaria nativa da rexión. Traballarán conxuntamente, axudando á persoa beneficiaria a adquirir os coñecementos básicos do idioma de destino e a que se integren máis facilmente no seu novo contorno lingüístico e cultural.

## 2. ORGANIZACIÓN

A creación dun proxecto tipo **Volangteer** require a adopción de determinadas precaucións.

A Guía Metodolóxica presenta unha serie de fichas técnicas, baseándose no Código de Boas Prácticas e concibíndoas como elementos de comprobación co fin de evitar pasar por alto asuntos importantes así como posibles obstáculos.

### Ficha técnica nº 2: Papel e responsabilidades do grupo de proxecto.

A misión do grupo:

.....

Preparación do grupo piloto:

.....

Protocolo para a comunicación dentro do grupo piloto:

.....

Protocolo para a comunicación con outros (o xefe ou xefa do proxecto, representantes políticos, outros socios, etc.).

.....

Frecuencia das reunións:

.....

O centro do proxecto son as persoas voluntarias, o seu papel é fundamental para a integración das persoas beneficiarias; e serán responsables de:

- Actuar como guías na cidade ou rexión.
- Acompañar ás persoas beneficiarias na súa aprendizaxe lingüística así como darlle consellos útiles sobre a súa lingua.
- Axudar ás persoas beneficiarias a descubrir os aspectos máis interesantes ou menos coñecidos da cidade ou rexión.
- Introducilas nun círculo social, axudándoas así á súa integración.
- Axudar ás persoas beneficiarias a entender as particularidades dos códigos sociais da rexión e que poidan ser diferentes do seu propio contorno.
- Axudar ás persoas beneficiarias con asuntos administrativos.

O recrutamento, a motivación e a educación das persoas voluntarias son factores fundamentais no éxito do proxecto. Cremos necesario indicar varios criterios de selección importantes que axudarán a evitar problemas potenciais. Obviamente isto non debería ser visto como unha tentativa de crear un retrato robot das persoas voluntarias ideais, algo que non tería sentido, se non máis ben a axudarlle a encontrar e recrutar ás persoas participantes no proxecto.

Alguns dos criterios a seguir para unha boa selección sería que a persoa voluntaria contara con:

- a.- Habilidades comunicativas: a capacidade de falar unha segunda lingua – outra distinta á súa lingua materna - é importante porque isto dálle unha perspectiva diferente sobre a súa lingua e a súa cultura.
- b.- Viaxes ao estranxeiro: o feito de estar nunha posición similar á persoa beneficiaria (inmerso nun ambiente cultural diferente ao seu) é tamén útil, xa que axudará a entender mellor as dificultades ás que se podería enfrontar.
- c.- Contar con familia no estranxeiro ou de culturas diferentes: será de gran axuda para o desempeño da función de acompañante.
- d.- É tamén importante que as persoas voluntarias coñezan ben a súa rexión pois deberían ser capaces de axudar á persoa estranxeira a descubrir a xeografía e a cultura da rexión ou comunidade que a acolle.

Proposta de formulario **Volangteer** de rexistro:

Nome:

Apelidos:

Idade:

Lingua local/ rexional como lingua materna?.

Segunda lingua rexional/nacional?.

Viaxes ao estranxeiro: Onde? Cantas veces? Canto tempo? Por que (negocio/pracer)? .

Impresión total (positiva/negativa)?.

Por que estás interesado/a no proxecto de **Volangteer**? .

Participaches en proxectos similares?.

Canto tempo estás disposto/a a dedicarlle ao proxecto por semana?.

Tes algunha suxestión de como debería de ser o papel da persoa voluntaria no proxecto **Volangteer**?.

## 3. A FORMACIÓN DAS PERSOAS VOLUNTARIAS

### 3.1. Por que destacar a interculturalidade?

Un dos piares do proxecto de Volangteer é poñer en contacto a unha persoa recentemente chegada que quere integrarse lingüística e socialmente no seu novo entorno cunha persoa voluntaria que no é profesional docente pero que acompañará á persoa beneficiaria recentemente chegada.

Para axudar a que esta relación teña éxito, debe darse ás persoas voluntarias a información necesaria e as directrices que lles axudarán a “distanciarse” da súa lingua e cultura, poñendo énfase nas nocións seguintes:

- A súa relación coa súa lingua rexional e cultura;
- A súa percepción da outra persoa;
- A súa capacidade para colaborar en proxectos de grupo e súa capacidade para aceptar as diferenzas cos demais.

Tres nocións deberían de ser tidas en conta; as de **comunicación** e **cultura** que conducen á terceira: **comunicación intercultural**.

Un principio básico sobre a comunicación encóntrase na afirmación: “é imposible non comunicarse”, a comunicación está unida ao comportamento dos individuos. Xa que “o non comportamento” é imposible, (o silencio e a inactividade son elas mesmas formas de comportamento) a comunicación é polo tanto inherente a este.

Segundo a UNESCO, a cultura no seu sentido máis amplo pode ser considerada como " a suma de trazos distintivos de comportamento, espirituais e materiais, intelectuais e afectivos, que caracteriza unha sociedade ou un grupo social. A cultura inclúe, coas artes e a literatura, modos de vivir, dereitos humanos fundamentais, sistemas de valor, tradicións e crenzas”.

Desde o punto de vista antropolóxico, a cultura reúne toda a bagaxe material e inmaterial elaborada polo espírito humano a través do que nos recoñecemos como seres humanos.

A palabra debería igualmente describir o modo de vida dun grupo social, como se sente, pensa ou actúa.

O obxectivo da comunicación é crear un intercambio, da mesma maneira que a cultura pode ser vista como unha forma de unir ás persoas. Dentro da noción de cultura, están os sinais de identidade, tradicións e coñecementos e transmitidos ao longo das xeracións.

"A comunicación intercultural significa a relación entre persoas ou grupos que pertencen a culturas diferentes. Polo tanto, debemos centrarnos neste caso no factor relacional, que leva consigo unha serie de comportamentos, valores, código, estilos de vida, formas de pensar de cada un que pertence a unha cultura particular".

Para Ladmiral y Lipiansky "a Comunicación Intercultural é primeiramente un problema da comunicación, é dicir esencialmente un problema da comunicación verbal. Nun sentido xeral, a porta á cultura e á identidades particulares culturais diferentes da nosa propia, ábrese pola lingua. En termos prácticos, na nosa relación coa cultura "do outro" a primeira barreira é a da lingua. Todo comeza alí, isto é a punta do iceberg. En realidade, cando falamos da comunicación intercultural esencialmente pensamos no problema do multilingüismo ata o punto que perdemos de vista a dimensión cultural que está vinculada con esa comunicación máis aló das barreiras lingüísticas. Dito isto, as barreiras lingüísticas realmente constitúen a primeira barreira que ten que ser vencida".

Para superar estas barreiras lingüísticas foi deseñado o Proxecto **Volangteer**, pero non só para iso, xa que as dificultades da persoa estranxeira recentemente chegada non rematan aquí. Hai problemas adicionais, debidas ao contexto local cultural, local lingüístico (ou doutra índole) que poden ser factores de desestabilización ou incluso de illamento da persoa estranxeira recentemente chegada.

En calquera cambio intercultural, cada individuo debe de ter en conta o modo en que se relaciona coas outras persoas para non ofender. Isto inclúe a adaptación do noso comportamento, o noso discurso, o noso modo de pensar – incluíndo as nosas crenzas – os nosos prexuízos, as nosas opinións, etc.

A forma en que a persoa que está a falar ve á persoa á quen fala é aínda máis complicado xa que pode verse influída (tanto psicolóxica como culturalmente) polas barreiras de comunicación – tales como estereotipos, prexuízos, racismo, a historia da comunidade, o contexto no cal o encontro ten lugar, etc.

Un dos obxectivos principais do proxecto **Volangteer** é favorecer a comunicación intercultural entre as persoas nativas dunha rexión e as persoas estranxeiras recentemente chegadas á rexión para cambiar ideas, desactivar estereotipos e prexuízos, sobre unha poboación, unha rexión ou un país.

As persoas voluntarias do proxecto **Volangteer** non son profesionais do ensino - nin son especialistas lingüísticos ou interculturais, tampouco son persoas beneficiarias do proxecto. Decidiuse por iso tratar estes temas complexos co uso de actividades de grupo e non os tradicionais métodos de ensino de "xiz e taboleiro". No ensino das persoas voluntarias así como co traballo feito por persoas voluntarias e persoas beneficiarias, a cuestión da comunicación intercultural será tratada frecuentemente, pero sempre dun xeito, máis divertido e ameno.

## **Exemplo de actividade para a formación das persoas voluntarias:**

Obxectivo:

Axudar ás persoas voluntarias a chegar a integrar todas as condicións que son precisas para sentirse cómodas cun grupo de persoas.

Duración:

15 minutos.

Preparación:

Tantos folios e bolígrafos como participantes.

Método:

- O/a formador/a dille ao grupo: << para sentirse ben nun grupo, necesito escoitar, dicir á xente ola cando eu chego (ou calquera outra condición- o/ formador/a debe ser honesto/a).
- Pide a calquera participante que pense en cinco condicións que cre necesarias para sentirse ben nun grupo. Todo o mundo debe escribir unha lista.
- O/A formador/a comenta as ideas e tamén deixa claro que a atención e o respecto son absolutamente necesarios: cada participante debe poder expresar libremente os seus sentimentos con respecto ao grupo no que está, sen sentirse xulgado nin burlado.
- Cando cada participante lea a súa lista, o/a formador/a escriba no taboleiro e tamén escribe cantas veces é mencionada cada condición.
- Cando todo mundo acabou de falar, a persoa formadora explica que condicións son necesarias para todas e todos pero para un grupo de traballo, é importante que cada condición sexa respectada. As persoas participantes deben darse conta dos puntos que teñen en común, tamén as diferenzas, para que a convivencia sexa satisfactoria.
- Tamén deben reflexionar sobre como é máis doado respectar á outra persoa se te sentes escoitado e respectado primeiro.
- Se hai tempo suficiente, o grupo debe comezar a escribir xunto un cadro coas condicións para estar xuntos, baseadas nas condicións elixidas polos participantes.

### **3.2. Os obxectivos lingüísticos**

O obxectivo do proxecto **Volangteer** non é intentar facer ás persoas beneficiarias bilingües. Ao contrario, os obxectivos desta aprendizaxe lingüística son máis modestos: o obxectivo é axudar á persoa estranxeira recentemente chegada a arranxarse, cun mínimo de habilidades lingüísticas, nas distintas situacións diarias coas que se afrontarán no seu novo medio.

Decidimos basear o noso traballo en obxectivos lingüísticos sobre a base teórica proporcionada polo Marco Común Europeo de Referencia para Linguas (MECRL), destinado a alcanzar obxectivos do nivel A1. Non obstante, non se pode dicir que certos elementos do nivel A2 non poidan ser alcanzados por algunhas das persoas aprendices.

Non nos esquezamos que o obxectivo global do proxecto é axudar ás persoas recentemente chegadas a integrarse socialmente de maneira satisfactoria no seu novo contorno. A tal fin, un mínimo de coñecemento da lingua local seguramente axuda, pero o estudo de calquera idioma estranxeiro supón moito tempo e esforzo. As persoas beneficiarias do proxecto son persoas ocupadas que non dispoñen de moito tempo libre. Aínda que si poden dedicar tempo a aprender/perfeccionar a súas habilidades nunha lingua nacional para seu traballo ou seus estudos.

### 3.3. O acercamento pedagóxico

Podería parecer obvio, pero cremos necesario sinalar que as persoas adultas non aprenden da mesma maneira que na súa xuventude.

A primeira consecuencia disto é que simplemente non se poden aplicar os métodos de ensino tradicionais usados nunha aula na escola, como poderíamos ter experimentado nós mesmos na infancia, a unha sesión de aprendizaxe para adultos. A experiencia, traballo, falta de dispoñibilidade, etc. significa que un adulto está forzado a aplicar un modelo diferente ó da infancia ou adolescencia. Ademais, os adultos ás veces poden desenvolver unha resistencia a métodos de ensino tradicionais por diversos motivos, principalmente porque:

- Para un adulto, a autoridade de unha persoa educadora, incluso se eles mesmos ensinan a profesionais, non é aceptada inmediatamente. A relación entre unha persoa educadora e un principiante é de igualdade, non de "persoa educadora - principiante".
- Un adulto ven a un curso de aprendizaxe cun obxectivo de estudo específico e coa expectativa de que este será alcanzado.
- Un adulto posúe unha certa cantidade de coñecemento, experiencia e capacidades (o dominio dun idioma estranxeiro outro distinto do que se lle ensinará durante o proxecto, por exemplo) e espera que isto sexa recoñecido e tido en conta como unha parte do curso de aprendizaxe.

Ensinar non é transferir coñecemento dunha persoa a outra, máis ben é o acompañamento dunha persoa na súa aprendizaxe, axudándolle a comprender e compartir os seus coñecementos o mellor que poida.

Hai varias cousas importantes a ter en conta no ensino de adultos:

- Un adulto aprende se entende o que fai.
- Un adulto aprende se entende o obxectivo das tarefas que se lle pide realizar.
- Un adulto aprende se está seguro de que os métodos de ensino dan resultados.
- Un adulto aprende se lle fai sentir valorado polo profesor.
- Un adulto aprende se o estudo é un pracer.
- Un adulto aprende se participa nas actividades.

A Guía Metodolóxica propón algunhas "Regras de ouro" para ser explicadas ás persoas voluntarias durante a súa sesión de formación insistindo durante toda a duración do proxecto:

- As persoas voluntarias non son profesionais do ensino.
- Durante o proxecto **Volangteer**, as persoas voluntarias xogarán o papel de acompañantes no aprendizaxe da persoa beneficiaria; eles poden explicar e contestar as preguntas da persoa beneficiaria sobre o idioma e a cultura rexional, presentarlle a outra xente, invitalle a acontecementos rexionais culturais, etc. pero en ningún caso debería a persoa voluntaria desempeñar o papel do que sabe e cuxo traballo sexa avaliar e xulgar a persoa á que aprende.
- Durante o proxecto **Volangteer**, el obxectivo é favorecer a formación a base de actividades diferentes a aquelas que poderíamos atoparnos nos libros de texto tradicionais de ensino de idiomas, ante todo porque a persoa voluntaria non é profesional do ensino, en segundo lugar porque tampouco é especialista na didáctica lingüística e finalmente porque como él, a persoa beneficiaria ten a oportunidade inmersión lingüística, o mellor enfoque é unha forma máis natural, máis divertida, máis agradable que aquel polo xeneral viu nunha aula. Ao mesmo tempo, a lingua falada é diferente da lingua escrita e viceversa.
- O estudo dunha lingua é sempre un proceso largo e difícil. Non se aprende só porque o profesor o diga! A miúdo dise que se ten que esquecer algo sete veces antes de ter realmente a capacidade de recordalo. Ao mesmo tempo, non é necesario ser capaz de dicir algo para entender o que se dixo. O punto de atención para a aprendizaxe debería estar sobre a comprensión.
- A comisión de erros é unha parte necesaria da aprendizaxe. Porque cometendo erros, e logo analizándoos, avánzase. Cando na infancia se aprende a andar, necesariamente se cae, ninguén imaxina neste momento que nunca aprenderá a andar! O mesmo acontece para todas as formas de aprendizaxe, xa sexa durante a infancia ou como adultos.
- Unha lingua é, desde logo, a suma do seu vocabulario (palabras diferentes) e a súa gramática (o modo que estas palabras se combinan) pero hai moito máis ca isto. Falar unha lingua é ser capaz de escoitar a outra xente e entender o que eles din. É tamén ser capaz de ler e principalmente ter a capacidade de usar o que se sabe para comunicarse con outros. Incluso se se teñen poucas habilidades lingüísticas - nunha lingua que non é a nosa lingua materna – unha persoa pode comunicarse nesa lingua, tamén se pode entender e facerse entender coas súas propias palabras, cos seus propios xestos.
- Incluso ao final do curso, é moi pouco probable que a persoa beneficiaria teña suficientemente dominada a lingua rexional para comunicarse facilmente en todas as situacións cotiás. A relación entre as persoas voluntarias e as beneficiarias polo tanto debería estar baseada no emprego dunha ou varias linguas compartidas. Podería ser a lingua nacional ou a lingua materna da persoa beneficiaria se a persoa voluntaria pode falar bastante ben ou aínda unha lingua vehicular como o inglés.

A Guía Metodolóxica presenta a descrición dun día de formación para o grupo de persoas voluntarias, co obxecto de:

- A creación dun espírito de equipo entre as persoas voluntarias facerlles sentir parte do proxecto de "Volangteer".
- Sensibilizar ás persoas voluntarias no acercamento intercultural requirido para o proxecto.
- Proporcionar ás persoas voluntarias dos coñecementos da aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

Actividade	Obxectivos	Procedemento
Acollida dos participantes (10/15 min).	Introdución e programa da xornada de formación.	Breve presentación. Presentación do proxecto <b>Volangteer.</b>
Presentación dos participantes (30 min).	Romper o xeo. Toma de conciencia de diferenzas e puntos en común.	Actividade <b>"o apelido" ou "atopar a alguén que..."</b> Ao fin da actividade cada participante preséntase de xeito breve ao resto do grupo.
Aproximación intercultural (30 min).	Primeira toma de conciencia de pertenza a unha cultura específica e da percepción diferente que cada un pode ter.	Cubrir individualmente o cuestionario <b>"A miña lingua, a miña rexión"</b> . Posta en común e debate. Nocións que deben aparecer: comunidade, pertenza, exclusión...
Primeira aproximación a unha lingua estranxeira (30 min).	Cada participante debe poñerse na situación de recentemente chegado a un novo medio lingüístico. Representar os estereotipos sobre a lingua e a súa aprendizaxe.	Actividade: <b>"De que vai?"</b> Posta en común: fanse dous grupos e a cada un se lles pregunta: -De que lingua se trata? -Que comprendiches? -Que sentiches? Nocións que deben aparecer: linguas próximas/afastadas, usos doutros coñecementos, hipótese na actividade de comprensión.
Primeiros pasos na aprendizaxe dunha lingua estranxeira. (30 a 45 min).	Identificar os puntos clave da aprendizaxe dunha lingua.	Lembra o cuestionario <b>"A miña lingua, a miña rexión"</b> (cuestionario de actitude). Presentación comentada: unha lingua é/ non é; aprender unha lingua estranxeira, é/non é. Presentación do Marco Europeo Común de Referencia para os Idiomas (MECRL); explicación dos obxectivos lingüísticos e pragmáticos dentro do proxecto <b>Volangteer</b> (selección entre os descritores do

Actividade	Obxectivos	Procedemento
		nivel A1 do MECRL).
A comunicación non verbal. (15 min).	Concienciarse das relacións entre lingua e pertenza cultural (unha lingua non está desculturalizada).	Actividade <b>“facer, é comunicar”</b> . Posta en común. Tema de discusión. Un idioma nunca está desconectado dunha identidade cultural, está inscrito nun contexto cultural e dentro do sentimento compartido de pertenza a ese contexto.
Aproximación intercultural. (30 a 45 min).	Identificar os compoñentes esenciais da comunicación intercultural.	Exposición comentada “os compoñentes esenciais da comunicación intercultural”. Discusión cos participantes. En función das reaccións dos participantes, facer unha ou varias actividades das propostas aquí máis adiante.
Aproximación intercultural. (30 min).	Ser conscientes da desviación entre as percepcións, os xuízos de valor, a realidade. Tomar consciencia do que se sente cando un é observado e xulgado.	Actividade <b>“Eu sei quen es”</b> . Posta en común: por que sacaches ese concepto do outro? Que sentiches cando o outro sacou unha idea sobre ti?
Aproximación intercultural. (15 min).	Reflexionar sobre as condicións necesarias para sentirse parte dun grupo. Aprender a escoita.	Actividade <b>“Eu preciso...”</b> Posta en común. Os participantes seleccionan 5 condicións compartidas por todos.
Aproximación intercultural. (15 min).	Experimentar o sentimento de inxustiza e discriminación.	Actividade: <b>“O grupo dos marxidados”</b> . Posta en común: os participantes dos diferentes grupos e os observadores expresan os seus sentimentos.
Aproximación intercultural. (15 min).	Tomar consciencia da dificultade de aceptar ao outro e as súas diferenzas.	Actividade <b>“Son doces os meus doces”</b> . Posta en común: Que sentiches? Os sentimentos/emocións cambiaron segundo se desenvolveu a actividade?.
Aproximación intercultural. (15 a 30 min).	Perspectiva desde as actividades previas. Reflexionar sobre o propio sistema de valores relativa a comunicación intercultural.	Actividade <b>“Un proverbio”</b> Preguntar aos participantes o que lles inspira este proverbio, se están ou non de acordo e por que. Posta en común: debate entre os participantes.
Aproximación metodolóxica. (30 min).	Reflexión sobre a realización do proceso de aprendizaxe da	Distribuír a guía metodolóxica, presentala, dar as explicacións

Actividade	Obxectivos	Procedemento
	persoa aprendiz.	precisas sobre a parte 3 que fai referencia ao proceso de aprendizaxe. Distribuír o caderno de actividades e examinar o contido. Poñer como exemplo dalgunha ficha e describir esa actividade para a persoa voluntaria, e despois un exemplo de ficha para a persoa beneficiaria.
Fin da sesión /avaliación.	Reflexionar sobre o adquirido na xornada. Establecer regras de convivencia no proxecto Volangteer.	Cubrir individualmente un cuestionario de avaliación sobre a sesión de formación. Posta en común, debate, propostas. Pedir aos participantes que elaboren unha "Carta da persoa voluntaria", unha forma de regulamento común aceptado por todas/os os participantes (acordos comúns en relación co papel de voluntarios dentro do proxecto <b>Volangteer</b> ).

Unha versión completa deste plan pode verse no libro de actividades xunto cos detalles das actividades propostas dispoñible en [www.volangteer.info](http://www.volangteer.info)

Todos os horarios están suxeitos: ao tamaño do grupo, á participación das persoas voluntarias durante as actividades diferentes así como á importancia dada polo/la monitor/ra aos 2 temas: aproximación a lingüística e comunicación intercultural.

## 4. A FORMACIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Nesta última parte da Guía Metodolóxica, ás persoas principiantes facilítaselles unha serie de fichas técnicas e métodos prácticos para analizar a súa formación e integración no proceso. Por obxectivos prácticos, todos os exemplos de actividades concretas están baseados na rexión galega, e necesitarán a adaptación á realidade de calquera outra lingua rexional e cultura afectada.

O primeiro capítulo presenta unha serie de actividades destinadas a axudar á parella recentemente formada Persoa Beneficiaria /Persoa Voluntaria para coñecerse mellor unha á outra.

Exemplo de romper o xeo:

<p><b>Nome da actividade:</b> “a tarxeta de identidade”.</p> <p><b>Obxectivo:</b></p> <p>Durante a primeira sesión, o intercambio básico de información co fin de achegarse mutuamente.</p> <p><b>Preparación:</b></p> <p>Traducir os cadros de información ao idioma rexional.</p> <p><b>Actividade:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A persoa voluntaria fai preguntas, primeiro na lingua rexional e despois na lingua vehicular, e completa o cadro 1, onde sexa posible, coa información que lle proporciona a persoa aprendiz.</li> <li>▪ Para cada sección do cadro a persoa voluntaria adapta a frase á lingua rexional.</li> <li>▪ A persoa aprendiz fai entón as súas preguntas, usando a lingua vehicular, e completa o cadro 2.</li> </ul>
--

CADRO 1	CADRO 2
Para ser completada pola persoa voluntaria segundo as respostas da persoa beneficiaria	Para ser completada pola persoa beneficiaria segundo as respostas da persoa voluntaria
Nome:	Nome:
Apelidos:	Apelidos:
País de orixe:	País de orixe:
Idade:	Idade:
Nº irmáns/irmás:	Nº irmáns/irmás:
Breve descrición do país natal:	Breve descrición do país natal:
Afeccións:	Afeccións:
Comida favorita:	Comida favorita:
Animal favorito:	Animal favorito:
Motivo da estancia:	
Duración da estancia:	

### Exemplo en galego:

V: Como te chamas?

B: Eu chámome yyy

V: (escribe e di ao mesmo tempo): Chámaste yyy.

No segundo capítulo, propóñense un conxunto de actividades para axudar ao equipo a descubrir de forma divertida algúns elementos do ámbito cultural do seu compañeiro ou compañeira.

### Exemplo de actividade orientada á comunicación intercultural:

Para promover o contacto entre a persoa beneficiaria e a persoa voluntaria, as persoas voluntarias poden enviar aos seus compañeiros e compañeiras na busca dun tesouro, o obxectivo é coñecer diferentes detalles da vida local- costumes, detalles interesantes, especialidades, xente famosa, etc. Esta actividade podería ser organizada pola entidade organizadora do proxecto, entón incluíría a todos os participantes sendo unha actividade compartida.

Exemplo de preguntas:

1.- Cales son os principais ingredientes do lacón con grelos?

2.- Que son os edificios sobre columnas que se atopan nas eiras do campo galego?

3.- Que significa o símbolo:



4.- Cal é o nome do actual bispo da diocese de Santiago?

5.- Cantas prazas cruzas en Santiago se vas a pé desde a estación de autobuses ata a Catedral?

6.- ...

O capítulo 3 presenta outra serie de actividades para coñecer elementos característicos da rexión e da cultura da persoa voluntaria (os exemplos presentados corresponden á comunidade galega e obviamente necesitará a adaptación). Ao final do capítulo, unha lista de situacións comúns de comunicación serve de exemplo de actividades concretas para ser realizadas polo equipo. Estas axudarán á persoa beneficiaria a adquirir seguridade en si mesma na comunicación en situacións diarias cos habitantes do país.

### Exemplo de actividades da vida diaria:

Situacións	Exemplos de frases útiles	Exemplo de actividade "misión"
Ao teléfono.	-Bo día, podería falar con...?. -Quen está ao aparato?. -Non se retire, por favor. - Non está, chame máis tarde.	Pedir que se chame á oficina de turismo para saber a que hora abre un museo.
Saudar, presentarse.	-Bo día, eu chámome... -Como está vostede?. -Como te chamas?. -Encantado de coñecerte. -De onde vés?.	Presentarlle a unha persoa amiga e pedirlle á persoa aprendiz que se presente.
Preguntar un enderezo.	-Perdoe, busco a estación... -É este o bus que vai ao	Dar un destino á persoa aprendiz e pedirlle que pregunte aos camiñantes que lle expliquen como se

Situacións	Exemplos de frases útiles	Exemplo de actividade "misión"
	aeroporto? -Colla pola dereita, a esquerda. -Todo dereito. -Xusto despois da igrexa. -Pode dicirme onde hai unha cabina telefónica?.	chega.
No hotel.	-Hai unha habitación (simple, dobre, con baño...)? -Ten reserva? -Para cantas noites? -Inclúe o almorzo? -Canto custa a habitación?.	Pedirle á persoa aprendiz que entre nun hotel para preguntar por unha habitación simple.
No cámping.	-Ten praza para unha tenda de dúas prazas? -O lugar está lonxe dos baños/lago...? -Onde están as duchas? -Canto é por noite?.	Pedir á persoa aprendiz que chame por teléfono a un cámping para solicitar praza dunha data a outra.

Co capítulo 4, as persoas beneficiarias poden usar suxestións para un seguimento do seu progreso na formación da lingua rexional así como no seu proceso de integración. Pídeselles que cubran os seus cadernos de autoavaliación, e tamén poden usar esta ferramenta como caderno de notas persoais.

Exemplo de ferramenta de autoavaliación

<a href="#">Táboa de autoavaliación</a>	<b><u>Nivel A1</u></b>
---	------------------------

☺ sen dificultade

☹ con dificultade

☹ en absoluto

<b>ESCOITAR</b>	Comprendo expresións familiares e cotiás así como frases moi simples (por exemplo, instrucións breves e simples) se son faladas lenta e claramente.			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprendo cando me saúdan, cando se me pregunta como estou ou cando me din ata logo.</li> <li>▪ Comprendo cuestións simples da vida cotiá relativas ao meu contorno inmediato persoal (identidade, idade, profesión, etc...)</li> <li>▪ Comprendo expresións correntes moi simples da vida cotiá (aceptación, rexeitamento, agradecemento)</li> <li>▪ Podo seguir instrucións breves e simples (por ex. Para orientarme).</li> <li>▪ Comprendo unha descrición simple (dunha persoa, un lugar, un obxecto).</li> <li>▪ Comprendo cifras (cantidade, prezo, estatura, data, hora).</li> </ul>	☺	☹	☹

Equipo pedagógico:

Olivier ARNOULD

Jutta AVILA

Aurore BIZE-ARNOULD

Hélène CABUT

Christelle GRANDIDIER

Xavier LESCOP

Marie-Claude MALJEAN

Michelle MENGER-BERNHARD

Adrien RICHARD

Routharaud ROTH

Jeremy SALISBURY

[www.volangteer.info](http://www.volangteer.info)